

11:00 h
APERTURA
Living history: «Vivir na Idade do Bronze»

12:00 h
VISITA GUIADA
Área Arqueolóxica do PAAR
A cargo da guía de turismo e responsable de didáctica do PAAR, Patricia Novas.
Reserva previa: <https://paar.xunta.gal/gl>

13:00 h
Fundición do estaño e outros metais
Arqueoloxía Experimental

13:30 h
O tinguido do liño
CLIO Xestión Cultural

14:00–17:00 h
Xantar rupestre
Xantar comunitario no recinto do PAAR, a cargo da Asociación Costillar A Estaca de San Clemente, amenizado polo grupo musical Sons da Terra.

PROGRAMA DO DÍA

17:30 h
ENTREGA DE PREMIOS
«Na mesa da Idade do Bronze»
Lugar: Photocall de LAEROS 2026

18:00 h
VISITA TEATRALIZADA
«O Cervo Solar»
A cargo do historiador-actor Suso Martínez, caracterizado nesta ocasión como guerreiro da Idade do Bronze.
Reserva previa: <https://paar.xunta.gal/gl>

18:30 h
COMPETICIÓN ABERTA
«Caza na Prehistoria»
Equipo de Didáctica do PAAR e Prehistoricreplic.
Inscripcións o mesmo día do evento

20:00 h
PECHE
Living history: «Vivir na Idade do Bronze»



LAEROS

FESTIVAL DA ARTE RUPESTRE


V EDICIÓN

23

AGOSTO2026 | Domingo
Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre
CAMPO LAMEIRO
(Pontevedra)

Viaxa á Idade do Bronze
GASTRONOMÍA | ACTIVIDADES | MÚSICA

Organiza:



Colaboran:



Lugar:



campolameiro.org

LAEROS FESTIVAL DA ARTE RUPESTRE

LAEROS volve a Campo Lameiro o domingo 23 de agosto na súa quinta edición. Organizado polo Concello de Campo Lameiro coa colaboración da Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, o evento convida a «vivir a prehistoria» combinando recreación histórica, arqueoloxía experimental, música e gastronomía nun único espazo, situado este ano na entrada do edificio do Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Campo Lameiro (PAAR).

Entrada e actividades gratuítas ata completar aforo

Máis información e reservas en www.paar.es.

Living history: Vivir na Idade do Bronce


MAÑÁ 11:00–14:00 h.
TARDE 17:00–20:00 h.

ACTIVIDADES PERMANENTES

Espazo continuo de recreación e divulgación da Idade do Bronce, aberto ao público durante toda a xornada, con sete entidades e profesionais que ofrecen demostracións e obradoiros complementarios nun mesmo espazo compartido.

CLIO Xestión Cultural

Especialistas en patrimonio e divulgación histórica, desenvolven demostracións participativas sobre a produción téxtil na Prehistoria. Unha proposta didáctica, participativa e inclusiva, con materiais táctiles pensados para persoas invidentes ou con discapacidade visual.

Tir Na N'Og

Asociación de recreación histórica, entidade que participou en todas as edicións do LAEROS. O grupo desenvolve demostracións de vida cotiá da época, con rigor e coidado polo detalle na indumentaria e no proceso dos traballos.

Fundación Terra Termarum Castrolandín

Entidade pioneira en Galicia na recuperación da cerámica prehistórica, con exhibición e demostracións in vivo do proceso de elaboración de pezas cerámicas.

Arqueoloxía Experimental

Demostracións de arqueoloxía experimental a cargo dun recoñecido arqueólogo, colaborador en diversos proxectos universitarios, que amosará ao público as técnicas prehistóricas de fundición de estaño e outros metais, así como o proceso de cocción da cerámica.

Prehistoricreptic

Un arqueólogo especializado en talla lítica e guía da Fundación Atapuerca ofrecerá demostracións en directo sobre o traballo do sílex e da obsidiana, achegando ao público as técnicas empregadas na elaboración de útiles de pedra durante a Prehistoria. Ademais, participará na dinamización do concurso «Caza na Prehistoria».

Mulleres Rurais de Campo Lameiro

Asociación da localidade presente en todas as edicións de LAEROS, que participa con obradoiros e demostracións de inspiración prehistórica, como a elaboración de axouxeiros con landras, colgantes con sementes, tatuaxes, pintura e outras actividades participativas para todos os públicos.

Equipo de Didáctica do PAAR

Un equipo de guías especializados en arqueoloxía propondrá, nesta edición, unha inmersión nas técnicas e estratexias da caza prehistórica, mediante exhibicións didácticas e a dinamización dun concurso aberto a todos os públicos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

12:00 h **VISITA GUIADA** Principais estacións rupestres da Área Arqueolóxica
Patricia Novas, guía de turismo e responsable de didáctica do PAAR.

18:00 h **VISITA TEATRALIZADA** Centro de Interpretación + Área Arqueolóxica
O historiador e actor **Suso Martínez** interpreta ao «Cervo Solar», un guerreiro da Idade do Bronce.

14:00-17:00 h

CONCURSO NA MESA DA IDADE DO BRONCE

As persoas que reserven o Xantar Rupestre poden participar no concurso «Na mesa da Idade do Bronce», que consiste en **asistir vestido/a como unha persoa da Idade do Bronce**. Valorarase principalmente a vestimenta das persoas que compoñen cada mesa, atendendo ao respecto e fidelidade á indumentaria da época, á coherencia do conxunto e ao traballo artesanal.

Un xurado composto por representantes das entidades de recreación prehistórica, o PAAR e o Concello de Campo Lameiro elixirá a mesa gañadora, á que se lle outorgará un **lote para a edición de LAEROS 2027**. En caso de empate entre dúas mesas, o lote repartirase por igual, correspondendo 1/2 lote a cada unha. O premio entregárase no Photocall de LAEROS 2026 ás 17:30 h, anunciándose previamente por megafonía.

